



Expediente: 38/2022 Asunto: notificación resolución	Federación Galega Automobilismo
--	--

Notifícase a resolución acordada polo Pleno do Comité Galego de Xustiza Deportiva na súa sesión do 14 de setembro de 2022.

Santiago de Compostela,
A xefa de sección de Rexistro e Apoio Técnico Entidades
(asinado dixitalmente)

M^a M Q R

Asinado por:
Cargo: A xefa de sección de Rexistro e Apoio Técnico
Entidades
Data e hora: 15/09/2022 10:51:40



CVE: TDMk1aa1QsN7
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Reunido o pleno do Comité Galego de Xustiza Deportiva o 14 de setembro de 2022 e previo exame do recurso presentado por A **RECORRENTE** T **RECORRENTE** adopta o seguinte acordo,

Recurso 38/2022.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. – Por resolución de data 14.02.2022 o Comité Galego de Xustiza Deportiva acordou DESESTIMAR O RECURSO presentado por Don A **RECORRENTE** R **RECORRENTE** T **RECORRENTE**, presidente da Escudaría Lalín-Deza e membro asembleísta da Federación Galega de Automobilismo, no que impugnaba as asembleas do 01.12.2020 e do 22.02.2021, pois, segundo don A **RECORRENTE** estas asembleas nin se celebraron nin se convocaron cumprindo a normativa vixente en materia de reunións a distancia de órganos colexiados, o que provocou que o secretario non puidese elaborar a acta das mesmas

SEGUNDO. – A anterior resolución foi notificada ó ao recorrente en data 23/02/22

TERCEIRO. – No seu recurso, o recorrente, en síntese, expón:

- O CGXD declarouse competente para coñecer da impugnación da celebración das Asembleas.
- Di que no seu escrito inicial recorría os acordos das Asembleas, non porque a Federación Galega de Automobilismo non tivera competencia para adoptar os devanditos acordos, se non porque os acordos eran nulos por tres motivos que foron expostos, tanto nos escritos de impugnación, como nos escritos de alegacións presentados ante a providencia de data 29/12/21, na que se analizan pormenorizadamente os defectos de forma que darían lugar á declaración de nulidade dos acordos, en base o artigo 47.1 da Ley 39/2015 (Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido, ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados)
- Di que posto que o recurso se presenta ante o mesmo órgano que ditou a resolución, da por reproducidas as anteriores alegacións.

CUARTO. – O Comité Galego de Xustiza Deportiva, na súa sesión de data 30.03.22, acordou a admisión a trámite do recurso, e o traslado do mesmo á FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOVILISMO.

QUINTO. – Dentro do prazo conferido, Don I **RECORRENTE** H. C **RECORRENTE** P **RECORRENTE**, en calidade de presidente da FGA presentou escrito con entrada en data 21 de abril de 2022.

As alegacións, en síntese, foron as seguintes:

- Da por reproducidas as súas alegacións contidas nos escritos de data 28 de xullo de 2021, 24 de agosto de 2021 e 14 de xaneiro de 2022.





- Di que a resolución recorrida é acertada, pois o CGXD é incompetente en relación coas impugnacións presentadas. Indica que a FGA é unha entidade privada sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, como establece o artigo 1 dos Estatutos da Federación, en consonancia co establecido no art. 51.1 da Lei do Deporte de Galicia.
- A convocatoria das Asambleas, a forma do seu desenrolo (telemática ou presencial), os acordos adoptados, e a información remitida ós membros non teñen nada que ver cunha función pública de carácter administrativo,
- A vía para impugnar é a vía civil.
- Di que o recorrente non menciona qué norma concreta foi vulnerada, nin por qué as cuestións plantexadas afectan ás funcións públicas delegadas.
- Di que non existiu vulneración normativa en canto á convocatoria, celebración das asambleas e adopción de acordos que poidan dar lugar á nulidade solicitada.
- Como consta acreditado no expediente o recorrente participou nas Asambleas e é coñecedor da convocatoria e celebración das mesmas, foi convocado e tivo a información, sen que solicitase máis datos ó emiti-lo seu voto; a impugnación supón actuar contra os seus propios actos, ó emiti-lo voto mostrou a súa conformidade coa forma de convocatoria e celebración das asambleas ó participar nas mesmas.
- Solicita a desestimación do recurso.

É relatora B S M

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO. – Competencia e prazo.

O obxecto do presente recurso potestativo de reposición é a resolución de data 14.02.2022, pola que se desestimaba o recurso presentado por Don A R T . As resolucións do Comité poñen fin á vía administrativa, tal e como dispón o artigo 94.1 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia.

Ó finalizar a resolución recorrida a vía administrativa, fronte á mesma cabe a interposición dun recurso potestativo de reposición fronte ó propio Comité, tal e como dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. En consecuencia, este Comité é competente para coñecer e resolve-lo recurso que agora nos ocupa.

No que se refire ó prazo para interpor o devandito recurso, de conformidade co artigo 124 da Lei 39/2015, este é dun mes a contar dende o día seguinte á notificación da resolución obxecto de recurso.

A resolución recorrida foi notificada o 23 de febreiro de 2022 e o recurso tivo entrada por rexistro o 24 de marzo de 2022. Por tanto, o mesmo foi interposto fora de prazo.





O que era motivo de inadmisión trócase neste momento en motivo de desestimación.

Sen perxuízo do anterior o recurso se limitaba a reproducir o xa dito nos escrito inicial, sen que ilo puidera dar lugar a reposición da resolución ditada.

En virtude de todo o exposto, este Comité, por unanimidade,

ACORDA DESESTIMAR o recurso potestativo de reposición interposto por don A. R. T. contra a resolución de data 14.02.2022 ditada no expediente 43/2021.

RECURSOS

Contra esta resolución poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da mesma, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

T. C. B., secretaria do Comité Galego de Xustiza Deportiva,

CERTIFICA

Que no Pleno do devandito Comité en sesión celebrada o día 14 de setembro de 2022 na cidade de Santiago de Compostela, se acordou a referida resolución, o que lle notifico a Vd. na súa condición de parte interesada para o seu debido coñecemento e cumprimento.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

